



Servizo de Publicacións

**DIRECTRICES SOBRE A APLICACIÓN DAS NOVAS NORMAS
ORTOGRÁFICAS E MORFOLÓXICAS DO IDIOMA GALEGO POLA
ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA ***

* Autorizadas pola Mesa do Parlamento de Galicia o día 2 de marzo de 2004.

DIRECTRICES SOBRE A APLICACIÓN DAS NOVAS NORMAS ORTOGRÁFICAS E MORFOLÓXICAS DO IDIOMA GALEGO POLA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Servizo de Publicacións

INTRODUCCIÓN

Conforme ordena a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística:

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega. Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

O 12 de xullo de 2003, a devandita institución acordou realizar unha serie de cambios nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* coa finalidade de chegar a un texto de consenso que acabe coas vellas querelas entre os partidarios das diferentes opcións ortográficas existentes.

O texto oficial incorpora, xa que logo, unha concisa serie de mudanzas. Asemade, nalgúns casos, admite solucións dobres, unhas xa incluídas na versión de 1995 e outras de nova incorporación. Con todo, malia deixar liberdade nestes casos opcionais, a Academia establece un modelo para a escrita do galego no que se decanta por determinadas solucións dentro das diferentes opcións admitidas, e este modelo, constituído polas recomendacións explícitas ou polas escollas implícitas do texto, debe ser a primeira referencia para os usos da lingua no seo das institucións e na Administración, como o foi desde a primeira versión das *Normas*. Se ben cabería a posibilidade de mantérmonos na postura de conservar determinados criterios ortográficos e morfolóxicos aducindo o peso da tradición na linguaxe administrativa galega moderna, como é o caso da segunda forma do artigo ou do sufixo *-ería*, non é menos certo que os cambios que agora propoñemos son os que materializan a vontade de síntese e consenso que guía a reforma normativa da Real Academia Galega.

En consecuencia, con estas consideracións, así como fundamentándonos na praxe que comeza a abrirse nos servizos lingüísticos das principais institucións do país (ILG, Consello da Cultura Galega, universidades de Galicia, servizos lingüísticos da Xunta e de concellos como o de Vigo e Santiago de Compostela, Televisión de Galicia, etc.), propóñense as seguintes solucións:

- utilización da primeira forma do artigo.
- utilización da forma *ao(s)* para a contracción da preposición *a* co artigo determinado *o, os*.
- utilización das formas non contractas para a unión do artigo determinado coa partícula comparativa *ca*: *ca o(s), ca a(s)*.
- utilización da terminación *-ble* (aceptable, probable...).
- utilización da terminación *-aría* (concellaría, carpintaría...).

Alén disto, acompañamos un resumo dos cambios máis importantes no texto oficial actual, no que se expoñen con máis detalle estas e outras cuestións normativas, e que conforma unha proposta que, de ser o caso, servirá como directriz para o uso do galego na administración parlamentaria e nos traballos de corrección lingüística no Servizo de Publicacións.

Finalmente, a maneira de resumo e cunha finalidade eminentemente divulgativa, engádesse un apéndice cos cambios máis importantes e cunha relación de palabras ben novas, ben que viron alterada a súa grafía en virtude da recente modificación das *Normas* do galego. Os contidos deste apéndice foron organizados cunha intención fundamentalmente didáctica.

O alfabeto

O nome da letra *q* deixa de ser *cu* e pasa a ser *que*.

Os dígrafos *ch, ll* e *qu* denomínanse a partir de agora *ce hache, ele dobre* e *que u*, respectivamente.

Acentuación

Segundo a normativa do idioma galego, non se acentúan os pronomes interrogativos e exclamativos directos (por ex.: *¿Como non o vai saber?*) e, en virtude das modificacións de xullo de 2003, tampouco se acentuarán os interrogativos indirectos (por ex.: *Non sabemos onde están. Preguntámonos que pasou con iso*), agás en contextos anfibolóxicos.

A primeira e segunda persoa do plural do pretérito de subxuntivo pasan a considerarse proparoxítonas nas novas *Normas* e, polo tanto, deberán acentuarse na antepenúltima sílaba (por ex.: *estivésemos*), algo sobre o que volveremos cando tratemos do verbo.

Outra novidade é a consistente en que as vogais *i* e *u* tónicas non se acentuarán graficamente cando entre ambas apareza o grafema *h* (ex.: *prohibo, cohibo*), indicándose así que non forman ditongo coa vogal precedente.

O apóstrofo

Engádese un epígrafe relativo ao uso do apóstrofo, segundo o cal se permite a utilización deste signo gráfico tanto na reprodución da prosodia oral da lingua coma para citar títulos de libros ou nomes de cabeceiras de publicacións periódicas, caso este último en que só se poderá aplicar coas preposicións *de* ou *en* + artigo:

O autor d’*Os dous de sempre*. N’*A tecedeira de Bonaval* reflíctese a sociedade compostelá da época.

Signos de interrogación e de admiración

Nas *Normas* pasan a colocarse preferentemente ao remate do enunciado e só recomendan o seu uso tamén ao inicio do enunciado para facilitar a lectura e evitar ambigüidades. Considerando que no ámbito da lingua administrativa, e máis concretamente no ámbito parlamentario, é importante a máxima precisión e clareza na redacción, propónse como

criterio preferente manter o signo de interrogación e o de exclamación na apertura destes enunciados.

¡Noraboa, señora deputada! ¿Podemos continuar coa sesión? Aprobámolo por unanimidade, ¿ou queren votalo?

Amálgamas

As amálgamas son formas que se escriben xuntas, é dicir, aglutinadas.

Segundo o último acordo normativo, son amálgamas: *acotío, amodo, apenas, dacabalo, decontado, decontino, decotío, derriba, deseguida, devagar, disque, enseguida, namais, quenquera, talvez...*

Xunto a elas, hai outras formas (os numerais cardinais do vinte e un ao vinte e nove) que deixan de ser amálgamas e pasan a grafarse sen aglutinar: *vinte e un, vinte e dous...*

O artigo

Seguen a considerarse válidas as formas *o, a, os, as* para o artigo determinado e as variantes alomórficas *lo, la, los, las* nos contextos nos que xa se viñan admitindo.

O alomorfo *lo* pasa a ser de uso obrigatorio só despois da preposición *por* e do adverbio *u*. Nos demais casos a súa representación é facultativa.

A comisión constitúese pola tarde. ¿U-los novos investimentos anunciados?

Aínda que as dúas solucións sexan válidas, dada a necesidade de aplicar un único criterio e unha solución unitaria e coherente, optaremos por non representar nunca a segunda forma do artigo na escrita nos casos opcionais, en consonancia coa elección do texto normativo.

En consecuencia, non se representará a segunda forma do artigo nos seguintes casos:

a) Despois de infinitivo, das formas verbais conxugadas que rematen en *-r* ou *-s* e dos pronomes enclíticos *nos*, *vos* e *lles*:

Vaise publicar o Informe de Ponencia sobre drogas. Perdemos a votación por ausencia dos deputados. Demóstrannos a inexistencia de irregularidades. Propoñémoslles a seguinte emenda transaccional.

b) Despois dos pronomes tónicos *nós* e *vós* cando van seguidos dunha precisión numérica:

Aprobamos a lei nós os dous. Vós os sete opuxéstevos.

c) Despois de *ambos*, *entrambos* e *todos* cos seus femininos:

Asinaron o escrito ambas as dúas representantes da Mesa. Pactaron as emendas entrambos os grupos. Todas as súas señorías deben presentar a súa acreditación.

d) Coa conxunción copulativa (*e*) *mais*:

O presidente e mais o vicepresidente xa deron o visto e prace.

e) Coa preposición *tras*:

A lei entrará en vigor tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Obsérvese, con todo, que aínda que non se represente graficamente, a única pronunciación recomendable é a que reproduce a segunda forma do artigo.

No caso do encontro do artigo coa preposición *a*, dada a necesidade de adoptar un criterio único, e en consonancia con outras escollas adoptadas, darémoslles prioridade ás formas non contraídas *ao* e *aos*, en detrimento das contractas *ó* e *ós*.

Despois da publicación da lei, acudiremos ao seu texto para calquera confrontación.

Pola mesma razón, para o encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado, aínda que tamén se admiten as formas *có* e *cá* cos seus respectivos plurais, escolleremos as formas sen contraer *ca a(s)* e *ca o(s)*.

Se teño que escoller, prefiro os textos escritos *ca* os orais.

Téñase en conta que, tanto no caso da forma *ao(s)* coma na unión de *ca+a(o)* e *ca+as(os)*, a súa pronunciación é a mesma ca a das formas contractas *ó, ós, có, cós*.

Os pronomes demostrativos

No xénero neutro optaremos sempre polas formas *isto, iso* e *aquilo*, dado que as formas **esto, *eso* e **aquel* desaparecen tras o acordo ortográfico de xullo de 2003.

O verbo

O verbo *oír* pasa a contar a partir de agora coa variante *ouvir*, ambas normativas e, xa que logo, válidas. En caso de que se queira empregar a nova variante normativa, deberase escribir correctamente o paradigma verbal correspondente (*vid.* punto 17.3.13.b das novas *Normas*, páx. 151), tendo en conta que este verbo presenta a raíz *ouv-* en todos os casos agás no presente de subxuntivo e na primeira persoa do presente de indicativo, que posúen o radical *ouz-*.

O pretérito de subxuntivo ve alterada a súa acentuación, que pasa a ser proparoxítona na primeira e segunda persoas do plural: *andásemos, andásedes*, a diferenza da acentuación paroxítona que foi normativa ata a última revisión das normas (**andasemos, *andasedes*).

O adverbio

Á lista de adverbios de lugar engádense: *alén* e *aquén*.

Rexístranse, así mesmo, as modificacións consistentes na eliminación dos adverbios *entonces* e *alomenos*, e no aglutinamento de: *amodo*, *apenas*, *decotío*, *deseguida*, *devagar*, *talvez*, etc. (*vid. supra* o apartado ‘Amálgamas’).

A conxunción

Elimínanse as conxuncións e locucións conxuntivas **unque*, **nembargantes*, **pese a que*, **entonces* e **sen embargo*; e engádense a conxunción *porén* e as locucións conxuntivas *no entanto* e *até que*.

A preposición

Incorpóranse ao idioma as preposicións *até* e *após* (despois, despois de) e as locucións prepositivas *a respecto de*, *alén de*, *aquén de*, *canto a*.

Os numerais

Elimínanse os numerais multiplicativos **triple* e **cuádruple* (quedando como únicas formas para estes conceptos *triplo*, *tripla* nun caso e *cuádruplo*, *cuádrupla* no outro) e engádense *séptuplo*, *óctuplo* e *nónuplo* á serie existente.

Pola súa banda, o partitivo **tercio* pasa a adoptar a forma *terzo*.

Como xa se mencionou anteriormente, os cardinais a partir de *vinte* pasan a escribirse separados: *vinte e un*, *vinte e unha*, *vinte e dous*, etc.

O relativo

Pasa a admitirse o relativo posesivo *cuxo*, con flexión de xénero e número (*cuxo*, *cuxa*, *cuxos*, *cuxas*).

Grupos consonánticos. Simplificación de grupos cultos

- Os grupos *-bl-*, *-cl-*, *-fl-*, *-gl-*, *-pl-* e *-tl-*

O único cambio que se rexistra respecto das anteriores *Normas* é o consistente en que as palabras **singladura* e **flota* mudan o *l* en *r*: *singradura* e *frota*.

- Os grupos *-ct-* e *-cc-*

Os grupos *-ct-* e *-cc-* despois de *i* ou *u* perden o *c*. Por ex.: *conductor*, *delito*, *delituoso*, *dedución*, *ditame*, *ditadura*, *estrutura*, *produto*, *vítima*, *vitoria*, *xurisdición*. Como excepción, mantéñense nalgúns tecnicismos e palabras cultas: *adicción*, *convicción*, *convicto*, *dúctil*, *invicto*, *pictórico*, *succión*, *veredicto*, *deíctico*... Noutros casos, a consoante implosiva vocaliza en *i*: *reitor* (*reitorado*, *reitoral*, *reitoría*) e *seita* (pero *sectario*, *sectarismo*).

Sufixos e terminacións

Respecto dos sufixos no idioma galego, hai toda unha serie de cambios que deberemos ter en conta.

- Sufixo *-án*, *-ana/-á*:

Os adxectivos rematados en *-án* pasan a facer o feminino en *-á* (ex.: *alemán/alemá*, *afgán/afgá*, *catalán/catalá*), se ben a terminación *-ana* para o feminino se conserva nos caracterizadores pexorativos (ex.: *testalana*, *charlatana*, *folgazana*, *pailana*...).

- Sufixo *-ón*, *-ona/-oa*:

O esquema *-ón, -ona* resérvase para os aumentativos e deverbais pexorativos. Nos restantes casos óptase por *-ón, -oa*. Por ex.: *anfitrión/anfitríoa, bretón/bretoa, campión/campioa, saxón/saxoa, teutón/teutoa*.

- Sufixo *-ble, -bel*

A norma continúa a admitir as dúas variantes deste sufixo (*amable* ou *amábel, soluble* ou *solúbel*). Porén, dada a necesidade de decantarnos por unha solución única, nos textos propiamente parlamentarios optaremos polo sufixo *-ble, -bles*, tal e como se viña facendo ata o de agora.

Deberase ter así mesmo en conta que a acentuación da palabra varía en función de que se escolla unha ou outra opción (por ex.: *amable, amábel, amables, amábeis*) e que, por coherencia, no caso de optarse pola solución *-bel, -beis*, deberemos escribir así mesmo *amabelmente, establecemento, restabelecer, etc.*

- Sufixos *-cio, -cia, -zo, -za*:

As palabras cultas conservan a terminación sen alteración na forma: *circunstancia, consciencia, distancia, importancia, substancia, vixilancia...*

Noutras palabras, o galego conserva –xunto co portugués, e a diferenza do castelán– a evolución patrimonial *-zo, -za*: *sentenza, servizo, servizal, diferenza, espazo, graza, desgraza, licenza, nacenza, novizo, perseveranza, presenza, querenza, terzo*.

Mantense *Galicia* como forma lexítima galega e como denominación oficial do país, pero recoñécese tamén a lexitimidade histórica da forma *Galiza*. Nos textos xerados na propia Administración parlamentaria optaremos pola súa forma oficial, coma no resto dos topónimos galegos.

- Sufixos *-aría, -ería*:

Aínda que se admite tamén a variante *-ería*, dáselle preferencia á solución tradicional

-ar^{ía} (a non ser en certos galicismos como *batería*, *galería*, *galantería* ou *mercería*, que só presentan esta terminación).

Porén, no caso dos nomes dos organismos oficiais da Xunta de Galicia que non cambiaron a súa denominación (como pode ser o caso das consellarías) respectaremos de maneira transitoria a forma que se veu empregando ata o de agora, á espera de que a Xunta de Galicia realice as modificacións pertinentes.

Hoxe en día hai varias consellarías que xa teñen os seus propios orzamentos en marcha, como é o caso da Consellería de Emigración, o da Consellería de Sanidade e mais o da Consellería de Medio Ambiente.

- Palabras rematadas en *-dade/-tade*:

Á lista de palabras coa terminación *-dade*, engádese *puberdade*.

- Palabras rematadas en *-eo*, *-eu*:

As palabras **chapeo*, **romeo* e **xubileo* pasan a escribirse: *chapeu*, *romeu* e *xubileu*.

- Palabras rematadas en *-ao*, *-au*:

As palabras **bacallao* e **pao*, pola súa banda, cambian a súa terminación e pasan a: *bacallau* e *pau*.

- Palabras rematadas en *-us*, *-um*, *-o*

As palabras *ímpeto* e *tribo* engádense á relación de termos rematados en *-o*, dúas formas que non se incluían no texto anterior pero que xa aparecían coa terminación *-o* no *Diccionario da Real Academia Galega* e no *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, polo que en sentido estrito debemos considerar que xa eran normativas con anterioridade ao novo texto das *Normas*.

Léxico

Os substantivos **vocal* ('nome de letra') e **estudio*, xunto con toda a familia desta palabra (**estudiar*, **estudiante*, **estudiantina*, **estudiantil*, etc.), son substituídos por: *vogal* (pero *vocálico*) e *estudo* (*estudar*, *estudiante*, *estudiantina*, *estudiantil*, etc.).

APÉNDICE
RESUMO DOS CAMBIOS DAS *NORMAS* (2003)

O ARTIGO

- Como se indica máis abaixo no cadro, utilizaranse as contraccións *ao/aos* en vez de *ó/ós*:

*O señor presidente dirixiuse ao portavoz do Grupo Socialista
Xuntáraselles aos expedientes a documentación compulsada*

Obsérvese que a pronunciación de *ao* e *ó* é exactamente igual, pronúnciase igual ca nas palabras *póla*, *moa* ou *xamón*. É incorrecto pronunciar *ao* tal e como se escribe.

- Como se indica máis abaixo no cadro, o artigo non contraerá coa conxunción comparativa *ca*:

*O informe terao no seu poder a Mesa antes ca os portavoces
O Grupo Popular é máis numeroso ca o Grupo Socialista*

Obsérvese que a pronunciación de *ca o* e *có* é exactamente igual, non se deben pronunciar como palabras separadas.

- Non se utilizará a segunda forma do artigo excepto cando sexa obrigatorio (coa preposición *por* e co adverbio *u*):

*Presentouse unha pregunta sobre a condena ao Sergas polo falecemento
dun paciente*

¿U-los novos investimentos anunciados, señor Cuíña?

pero:

Enviaráselles a documentación solicitada

Señor presidente, ¿acéptasenos a emenda?

Nós os dezasete votaremos en contra da moción

Ambas as copias deberán ir asinadas polo solicitante

Todas as copias deberán ir asinadas polo solicitante

Cómpre adiar a publicación da lista oficial de parlamentarios electos

Poderán presentar as súas alegacións tras a publicación da resolución

Deberá presentar a fotocopia e mais o orixinal

Obsérvese que, aínda que non se represente por escrito, a segunda forma do artigo débese pronunciar en todos os casos.

Nótese que, obviamente, isto non lles afecta en ningún caso aos pronomes: *¿Ulos, señor Cuíña?*; *Enviáronllela toda*; *Señor presidente, ¿acéptannola?*; *Cómpre adiala un pouco*; *Poderán presentalas tras a publicación da resolución*.

A ACENTUACIÓN

- Os pronomes interrogativos indirectos –como os directos– non se acentuarán, a menos que sexa necesario para clarificar o significado

O Goberno quere saber cales son as súas propostas, señor Rego

Ignórase canto custará a reparación da ponte de Catoira

Díganos qué quere [que cousa quere] / Díganos que quere [que si quere]

- As persoas 4ª e 5ª do pretérito imperfecto de subxuntivo son esdrúxulas, polo tanto, débense acentuar:

*Estariades admitidos se daquela entregásedes a documentación
autenticada*

Iso non ten que ver con que nós presenciásemos a comparecencia

A FORMACIÓN DO FEMININO

As palabras rematadas en *-án* farán o feminino en *-á*:

<i>aldeá</i>	<i>capitá</i>	<i>cirurxiá</i>	<i>irmá</i>	<i>sancristá</i>
<i>anciá</i>	<i>chá</i>	<i>comarcá</i>	<i>musulmá</i>	<i>sultá</i>
<i>artesá</i>	<i>cidadá</i>	<i>cristiá</i>	<i>pagá</i>	etc.

Exceptúase unha serie de palabras de significado despectivo, que fan o feminino en *-ana*:

<i>burricana</i>	<i>charlatana</i>	<i>laczana</i>	<i>pailana</i>	etc.
------------------	-------------------	----------------	----------------	------

As palabras rematadas en *-ón* farán o feminino en *-oa*:

<i>anfitrioa</i>	<i>campioa</i>	<i>leoa</i>	<i>saxoa</i>	etc.
<i>bretoa</i>	<i>ladroa</i>	<i>patroa</i>	<i>teutoa</i>	

Exceptúase unha serie de palabras de significado despectivo ou aumentativo, que fan o feminino en *-ona*:

<i>abusona</i>	<i>casona</i>	<i>mullerona</i>	<i>faltona</i>	etc.
----------------	---------------	------------------	----------------	------

TERMINACIÓNS

Sufixo *-aría/-ería*: utilizarase sempre a variante *-aría*

<i>armaría</i>	<i>cestaría</i>	<i>gandaría</i>	<i>papelaría</i>	<i>tesouraría</i>
<i>artillaría</i>	<i>chancelaría</i>	<i>infantaría</i>	<i>pedraría</i>	<i>tinturaría</i>
<i>bruxaría</i>	<i>charlatanaría</i>	<i>lavandaría</i>	<i>peixaría</i>	<i>zapataría</i>
<i>camisaría</i>	<i>chocolataría</i>	<i>leprosaría</i>	<i>perfumaría</i>	etc.
<i>carnizaría</i>	<i>concellaría</i>	<i>librería</i>	<i>pradaría</i>	
<i>carpintaría</i>	<i>enxeñaría</i>	<i>moblaría</i>	<i>refinaría</i>	
<i>cervexaría</i>	<i>ferraría</i>	<i>panadaría</i>	<i>reloxaría</i>	

No entanto, algunhas palabras, por proviren do francés, escríbense con *-ería*.

<i>batería</i>	<i>galería</i>	<i>galantería</i>	<i>mercería</i>	
----------------	----------------	-------------------	-----------------	--

Sufixo *-zo/-za*

diferenza, indiferenza (pero *diferenciar, diferenciable, diferenciación, diferencial, diferenciado, indiferenciable, indiferenciado*)

espazo, espazar, espazoso (pero *espacial*)

graza (*moitas grazas*), *desgraza*

licenza (pero *licenciar, licenciado, licenciatura, licenciado, licenciamento*)

nacenza

novizo (pero *noviciar, noviciado*)

perseveranza

presenza (pero *presenciar, presencial*)

querenza

sentenza (pero *sentenciar, sentencioso*)

servizal, servizo

terzo (pero *terciario*)

Outras terminacións

chapeu

ímpeto

bacallau

puberdade

romeu

tribo

pau

xubileu

USARASE	NON SE USARÁ
<i>amable, estable, establecer, posible...</i>	<i>amábel, estábel, establecer, posíbel...</i>
<i>aínda que</i>	<i>*unque</i>
<i>ao, aos</i>	<i>ó, ós</i>
<i>a pesar de que, malia</i>	<i>*pese a que</i>
<i>ca o, ca a, ca os, ca as</i>	<i>có, cá, cós, cás</i>
<i>cando menos, polo menos</i>	<i>*alomenos</i>
<i>con todo, porén, no entanto, así e todo...</i>	<i>*sen embargo, *nembargantes</i>
<i>entón</i>	<i>*entonces</i>
<i>estudar, estudante, estudantil, estudantina, estudo</i>	<i>*estudio, *estudiante, *estudiantil, *estudiantina, *estudio</i>
<i>frota (conxunto de barcos), pero flotar, flotación, flotador</i>	<i>*flota</i>
<i>Galicia</i>	<i>Galiza</i>
<i>isto, iso, aquilo</i>	<i>*esto, *eso, *aquelo</i>
<i>reitor, reitorado, reitoral, reitoría</i>	<i>*rector, *rectorado, *rectoral, *rectoría</i>
<i>seita, pero sectario, sectarismo</i>	<i>*secta</i>
<i>singradura</i>	<i>*singladura</i>
<i>triplo/tripla, cuádruplo/cuádrupla</i>	<i>*triple, *cúadruple</i>

OUTRAS PALABRAS NOVAS

<i>a respecto de</i>	<i>Non hai máis información <u>a respecto</u> diso.</i>
<i>alén (de)</i>	<i><u>Alén</u> disto, non consta ningunha información máis Non fagan nada <u>alén</u> do necesario</i>
<i>após = ‘despois de’</i>	<i>Vostede será chamado <u>após</u> entregar a documentación Tomaranse máis medidas <u>após</u> o éxito das primeiras</i>
<i>aquén</i>	<i>Tui fica <u>aquén</u> do Miño e Valença alén do mesmo río Vino a carón do río pero non sei se <u>alén</u> ou <u>aquén</u> Galicia perde a batalla da produtividade <u>aquén</u> do previsto</i>
<i>até</i>	<i>Non sabemos <u>até</u> cando imos estar nesta situación.</i>
<i>canto a</i>	<i><u>Canto a</u> estas dúas emendas, mañá estudarémolas</i>
<i>cuxo(s), cuxa(s)</i>	<i>Os partidos <u>cuxas</u> deputadas obteñan escano serán homenaxeados</i>
<i>no entanto</i>	<i>Creemos que estas medidas son positivas, <u>no entanto</u>, ignoramos se vostedes as apoiarán</i>
<i>ouvir</i>	<i>Vostede <u>ouve</u> cousas que eu non <u>ouzo</u>.</i>
<i>porén</i>	<i>Creemos que estas medidas son positivas, <u>porén</u>, ignoramos se vostedes as apoiarán</i>
<i>vogal</i>	<i>A lingua galega ten sete <u>vogais</u> O galego é unha lingua moi <u>vocálica</u></i>

PALABRAS QUE SE ESCRIBÍAN ANTES CON <CC> ou <CT>

Cando os grupos latinos <cc> e <ct> vaian precedidos de <i> ou <u> escribíranse, en xeral, sen o primeiro <c>. Porén, seguiranse escribindo con <cc> e <ct> algunhas palabras ben referentes a linguaxes moi especializadas ou ben para evitar confusións (*adición/adición*)

Escribíranse sen <c>

<i>abducción</i>	<i>construción</i>	<i>ditadura</i>	<i>introdutorio</i>	<i>reproducción</i>
<i>abdutor</i>	<i>construtivo</i>	<i>ditame</i>	<i>lutuoso</i>	<i>reprodutor</i>
<i>adución</i>	<i>construtor</i>	<i>ditar</i>	<i>obstrución</i>	<i>restrición</i>
<i>adutor</i>	<i>contradición</i>	<i>estrito</i>	<i>obstrucionismo</i>	<i>restritivo</i>
<i>aflición</i>	<i>contrición</i>	<i>estrutur</i>	<i>obstrutivo</i>	<i>tradutor</i>
<i>aflito</i>	<i>dedución</i>	<i>flutuación</i>	<i>producción</i>	<i>vítima</i>
<i>conducción</i>	<i>dedutivo</i>	<i>flutuar</i>	<i>produtivo</i>	<i>Vítor/Vitoria</i>
<i>conduta</i>	<i>delito</i>	<i>frutífero</i>	<i>produto</i>	<i>vitoria</i>
<i>conduto</i>	<i>destrución</i>	<i>frutificar</i>	<i>produtor</i>	<i>vitorioso</i>
<i>condutor</i>	<i>destrutor</i>	<i>frutuoso</i>	<i>reconstrución</i>	<i>xurisdición</i>
<i>conflito</i>	<i>dicionario</i>	<i>indución</i>	<i>redución</i>	etc.
<i>constrición</i>	<i>distrito</i>	<i>indutor</i>	<i>reduto</i>	
<i>construtivo</i>	<i>ditado</i>	<i>introdutor</i>	<i>redutor</i>	

Escribíranse con <c>

<i>adición</i>	<i>deíctico</i>	<i>ficticio</i>	<i>ictiomancia</i>	<i>pictórico</i>
<i>adicto</i>	<i>dicción</i>	<i>flictena</i>	<i>indición</i>	<i>ricto</i>
<i>amicto</i>	<i>dúctil</i>	<i>fricción</i>	<i>invicto</i>	<i>succión</i>
<i>anfición</i>	<i>ductilidade</i>	<i>fricción</i>	<i>lictor</i>	<i>succionar</i>
<i>anficionia</i>	<i>ducto</i>	<i>ictericia</i>	<i>micción</i>	<i>veredicto</i>
<i>apodíctico</i>	<i>edicto</i>	<i>ictérico</i>	<i>nictalope</i>	<i>vindicta</i>
<i>convicción</i>	<i>evicción</i>	<i>ictiografía</i>	<i>nictalopía</i>	etc.
<i>convicto</i>	<i>ficción</i>	<i>ictioloxía</i>	<i>pictografía</i>	

Nótese que isto non afecta ás palabras nas que <cc> e <ct> van precedidos das outras tres vogais:

acción, olfacto, putrefacto...

prospecto, dialecto, obxecto...

autóctono, equinoccio, nocturno...

PALABRAS QUE SE ESCRIBEN XUNTAS

<i>acotío</i>	<i>dacabalo</i>	<i>decotío</i>	<i>devagar</i>	<i>namais</i>
<i>amodo</i>	<i>decontado</i>	<i>derriba</i>	<i>disque</i>	<i>quenquera</i>
<i>apenas</i>	<i>decontino</i>	<i>deseguida</i>	<i>enseguida</i>	<i>talvez</i>

PALABRAS QUE SE ESCRIBEN SEPARADAS

Escribíranse separados os numerais cardinais entre 21 e 29, igual ca os seguintes.

<i>vinte</i>	<i>vinte e catro</i>	<i>vinte e oito</i>	<i>trinta e dous</i>	<i>setenta e un</i>
<i>vinte e un</i>	<i>vinte e cinco</i>	<i>vinte e nove</i>	<i>corenta e un</i>	<i>oitenta e un</i>
<i>vinte e dous</i>	<i>vinte e seis</i>	<i>trinta</i>	<i>cincuenta e un</i>	<i>noventa e un</i>
<i>vinte e tres</i>	<i>vinte e sete</i>	<i>trinta e un</i>	<i>sesenta e un</i>	<i>noventa e nove</i>

